

O CONTO DOS MEUS AVÓS

Cando eu era pequena os meus avós contáronme un conto que me deixou abraiada.

Un día pola beira do río ía paseando unha nena da aldea chamada María, ía moi mal vestida e moi mal peiteada. Era unha nena pobre, que vivía alí preto co seu irmán maior, cos seus pais e cos seus avós.

María contoulles que unha noite soñou que unha pantasma viña por ela. Espertou de súpeto co medo e foi correndo ata o cuarto dos seus avós. Eles dixéronlle que non se preocupara, que se tiña medo podía durmir todas as noites con eles.

Ao día seguinte pola mañá foi correndo á casa da súa amiga Rosalía, unha nena dous anos maior que sempre lle axudaba cos seus problemas. Cando estaba cruzando a ponte para ir, mirou cara abaixo e viu reflectida no río a mesma pantasma que vira nos seus soños . Chegou á casa da súa amiga áinda moi asustada e contoulle todo o que lle acontecera. Rosalía tamén quedou abraiada e tratou de ofrecerlle o seu apoio e tranquilizala.

Ese mesmo día pola noite María durmiu outra vez cos seus avós . Ela xa non tiña tanto medo, pero de súpeto a pantasma volvے aparecer. Os avós de María viron a pantasma e quedaron moi impresionados . A avoa pensou que a pantasma que vira non era unha pantasma calquera senón que era a bisavoa de María. A avoa faloulle á pantasma e preguntoulle que quería, ela respondeulle que só quería estar coa súa bisneta. María perde o medo e acepta a petición da súa bisavoa: pasar todo o verán con ela.

Pasaron os días e elas divertíanse coma dúas nenas pequenas, xogaron e xogaron pero un día pola mañá a bisavoa de María díxolle que tiña que marchar porque ela non daba soportado o inverno. María ,triste intentou convencela pero, nese mesmo momento a bisavoa en forma de pantasma empezou a derreterse. Ela xa non era pobre, xa estaba casada e tiña unha filla. María pensou que estaba viaxando ao futuro e que tiña que gozar da súa filla e do seu home.

Ela nunca ía poder esquecer todo o que aconteceu coa súa bisavoa. Ese mesmo día María pensou que tamén estaba soñando e que ela nunca podería ser feliz sen o seu irmán maior , sen o seu pai , sen a súa nai e sen os seus avós e a bisavoa, á que tanto cariño lle colleu.

OS MEUS AVÓS SON OS QUE ME COIDARON E QUÉROLLES DAR AS GRAZAS POR QUERERME TANTO E POR CONTARME ESTE CONTO QUE TANTO ME GUSTOU.

⑥ 5°A